

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 9 DE FEBREIRO DE 2026,
BAIXO A PRESIDENCIA DE
ALFONSO RUEDA VALENZUELA**

DECRETOS**CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade, a prol do Concello de Monforte de Lemos, de varias estradas.

ACORDOS**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES**

- Acordo polo que ordena proceder ao persoamento da Xunta de Galicia e presentación de alegacións de oposición, incluídas as alegacións relativas á suspensión da vixencia e aplicación dos preceptos impugnados así como aquelas outras actuacións que procesalmente procedan, no recurso de inconstitucionalidade número 6810-2025, promovido pola vicepresidenta primeira do Goberno por suplencia do presidente do Goberno contra diversos artigos da Lei da Comunidade Autónoma de Galicia 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e designando con tal fin aos Letrados da Xunta de Galicia.
- Acordo polo que se aproba o Plan anual 2026 da cooperación galega para o desenvolvemento.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FP

- Acordo polo que se autoriza o inicio da tramitación do anteproxecto de Lei de aprendizaxe permanente de persoas adultas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

- Acordo polo que se autoriza a concesión dunha subvención por importe superior a 3.000.000,00 de euros ao abeiro da Resolución do 31 de xullo de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fortalecemento e ampliación das capacidades dos centros tecnolóxicos galegos mediante o apoio á creación e mellora de infraestruturas tecnolóxicas e de investigación, cofinanciadas pola Unión Europa no marco do programa Galicia Feder 2021-2027, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (DOG núm. 158, do 20 de agosto de 2025), modificada polas resolucións do 23 de setembro do 2025 (DOG núm. 186, do 26 de setembro) e do 8 de xaneiro do 2026 (DOG núm. 10, do 16 de xaneiro).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

- Acordo polo que se autoriza a conselleira de Política Social e Igualdade a subscribir, en representación da Comunidade Autónoma de Galicia, un convenio entre o Ministerio de Igualdade (Delegación do Goberno contra a violencia de xénero) e a Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación do servizo telefónico de información, atención e asesoramento xurídico en materia de violencia contra as mulleres.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación, mediante procedemento de diálogo competitivo e modalidade de compra pública de innovación, tramitación ordinaria e suxeito a regulación harmonizada, da execución do proxecto Innomar Solucións innovadoras para o impulso en Galicia das enerxías renovables mariñas e da monitorización ambiental na zona experimental de Punta Langosteira, cofinanciado nun 60% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) a través dunha axuda concedida polo Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades no marco da liña de Fomento de innovación desde a demanda (liña FID) para a compra pública de Innovación (CPI), por un valor estimado de catro millóns douscentos cincuenta mil euros (4.250.000,00€) e un importe total (IVE incluído) de cinco millóns cento corenta e dous mil cincocentos euros cun céntimo (5.142.500,01€).

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de contratación mediante acordo marco mixto, cun único empresario, da xestión e mantemento da solución corporativa de virtualización de postos de traballo (VDI) na Xunta de Galicia por un valor estimado de oito millóns cincocentos noventa e oito mil setecentos vinte euros (8.598.720,00€).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a licitación dos servizos de redacción de proxecto de dirección de obra e das obras de construción, con técnicas industrializadas, para un edificio para vivendas de promoción pública (VPP) na parcela C.01.02 do solo urbanizable nº 12 no lugar de Mourelos, en Noalla, concello de Sanxenxo (Pontevedra), cun orzamento de licitación e un valor estimado, IVE excluído, de seis millóns setecentos noventa e oito mil cincocentos trinta e nove euros con corenta e sete céntimos (6.798.539,47 €).

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se autoriza a contratación do servizo de limpeza, desinfección e xestión de residuos de todos os locais e instalacións interiores e exteriores, en diversos centros (centros de saúde e PAC's) dependentes da Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, por un importe total de licitación de catro millóns seiscentos corenta e tres mil oitocentos cincuenta e cinco euros con trinta e cinco céntimos (4.643.855,35 €) c/IVE, e un valor estimado de nove millóns douscentos dez mil novecentos cincuenta e dous euros con setenta e oito céntimos (9.210.952,78 €).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería do Mar e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia para a promoción e a mellora da comercialización do mexillón certificado DOP no ano 2026, por un importe total de cincocentos mil euros (500.000,00€).
- Acordo polo que se toma razón da apertura do trámite de información pública do proxecto de Orde polo que se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente na Comunidade Autónoma de Galicia.

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

- Informe sobre as actuacións do Camiño do litoral de Galicia.

CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

- Informe sobre a execución do programa de endebedamento 2025 e estratexia de financiamento 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre o proxecto REHEAL de adquisición sustentable, reacondicionamento, reciclaxe e recuperación de recursos nos sistemas sanitarios e a formulación de consultas ao mercado.

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

- Informe sobre a Guía de acceso documental do Sistema de Arquivos da Xunta de Galicia.
- Informe sobre o programa de axudas á emancipación xuvenil Bono Emancípate.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

- Informe sobre a convocatoria do Programa de incentivos ás empresas cualificadas como iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) para o ano 2026.
- Informe sobre a convocatoria de financiamento do programa Investigo, de contratación de persoas mozas demandantes de emprego na realización de iniciativas de investigación e innovación para o ano 2026.
- Informe sobre a convocatoria das axudas para a dinamización do comercio local para o ano 2026.
- Informe sobre a Orde pola que se aproba o Plan de actuación do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga) para o ano 2026.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Informe sobre a Orde pola que se regula a presentación electrónica de solicitudes de arrendamento de predios rústicos incorporados ao Banco de Terras de Galicia no estado de dispoñible sen concorrencia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA, A PROL DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DE VARIOS TREITOS DE TRES ESTRADAS AUTONÓMICAS CON FUNCIÓN DE VÍAS URBANAS

- Trátase do treito da LU-546, coincidente coa rúa do Doutor Casares; do treito inicial da LU-662, que se corresponde coa rúa da Coruña e rúa de Leopoldo Calvo Sotelo, e do treito da LU-933, coñecido como rúa de Chantada e avenida de Galicia
- Co cambio de titularidade, o Concello terá a competencia para actuar nestes treitos e asume a súa conservación e o seu mantemento

O Consello da Xunta acordou hoxe a aprobación do Decreto polo que se aproba a transferencia, a prol do Concello de Monforte de Lemos, de varios treitos das estrada autonómica LU-546, LU-662 e LU-933, que na actualidade adquiriron a condición de vías urbanas.

Trátase do treito da LU-546, comprendido entre os puntos quilométricos 55+115 a 55+560, coincidente coa coñecida como rúa do Doutor Casares; o treito inicial de 1,2 quilómetros de lonxitude da LU-662, que se corresponde coa rúa da Coruña e rúa de Leopoldo Calvo Sotelo, e do treito tamén inicial da LU-933, desde o quilómetro 0+000 ao 1+090, coñecidas como rúa de Chantada e avenida de Galicia.

O cambio de titularidade deste treitos das estradas autonómicas, con tráfico maioritariamente urbano, ao estaren integradas na malla urbana do núcleo de Monforte de Lemos, dá conformidade ao acordo entre a Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e a Administración local.

A transferencia destas vías a prol do Concello de Monforte de Lemos tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece a súa aprobación por decreto da Xunta, por proposta da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, como competente en materia de estradas, e logo do acordo entre as administracións implicadas.

O departamento de Infraestruturas da Xunta ten, entre as súas funcións, a tramitación dos cambios de titularidade das estradas incluídas nas redes dependentes da Comunidade Autónoma e das entidades provinciais e locais.

Co cambio de titularidade, o Concello de Monforte de Lemos terá a competencia para actuar nestes treitos das estradas autonómicas e asume a responsabilidade da súa conservación e o seu mantemento.

O decreto aprobado hoxe polo Executivo autonómico producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA VAISE PERSOAR ANTE O CONSTITUCIONAL FRONTE AOS RECURSOS DO GOBERNO CENTRAL CONTRA A HOMOLOGACIÓN DA DISCAPACIDADE PARA AS PERSOAS DEPENDENTES E A REPOTENCIACIÓN DOS PARQUES EÓLICOS

- Rueda denuncia que a paralización das medidas da Xunta é “inxusta e contraproducente”
- O Executivo central suspende o modelo galego de simplificación dos trámites da discapacidade e da dependencia, que por outra parte pretende copiar a nivel estatal o que só se explica por un afán recadatorio, pois deixou de recibir 114 M€ durante o 2025 en Galicia
- O recurso tamén impedirá, de momento, que os 16 parques susceptibles de seren repotenciados en Galicia pasen de ter 572 a 112 muíños (un 80% menos)

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Executivo autonómico vai personarse ante o Tribunal Constitucional para defender a posición da comunidade galega fronte ao recurso de inconstitucionalidade do Goberno central contra diversos preceptos da Lei de acompañamento aos orzamentos de Galicia de 2025. Unha actuación que supón a paralización do Plan de axilización da dependencia e da discapacidade, así como do Plan de repotenciación da enerxía eólica impulsados polo Goberno galego, algo que cualificou de “inxusto, contraproducente e prexudicial”.

No que atinxe ao recurso contra as homologacións automáticas de dependencia e discapacidade, este ten como consecuencia inmediata a suspensión do Plan de choque posto en marcha hai un ano pola Xunta de Galicia, co que se estaba a conseguir o dobre obxectivo para o que se deseñou: incrementar o número de persoas atendidas e facelo no menor tempo posible.

De feito, tal e como lembrou Rueda, “máis de 12.600 galegos con dependencia” obtiveron nos últimos doce meses o recoñecemento da discapacidade sen necesidade de someterse a unha nova valoración. O recurso do Executivo de Pedro Sánchez pon fin a este mecanismo, polo que a Administración autonómica xa non poderá seguir homologando automaticamente a discapacidade ás persoas que xa teñan a dependencia, a pesar de terse amplamente comprobado que existe unha relación directa entre o grao de dependencia e a porcentaxe de discapacidade.

Así pois, a actuación do Goberno central supón un paso atrás na axilización e mellora da atención, pois deixa sen efecto as medidas de simplificación dos procedementos introducidos pola Xunta e volve a unha burocracia máis complexa. Isto incide directamente nos dependentes galegos en forma de atrasos, máis atrancos burocráticos e demora na resposta.

A Xunta considera contraditorio este recurso cando o propio Executivo central decidiu copiar case ao completo o modelo galego, como se pode comprobar na súa proposta de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

modificación da Lei de Dependencia, que está en fase de tramitación parlamentaria. Por iso, a Xunta apunta que son motivos de recadación os que explican esta actuación por parte do Goberno de Pedro Sánchez, pois con esta simplificación dos trámites deixou de recadar 114 millóns de euros durante o ano pasado en Galicia.

Resultados do plan galego

O Plan de choque da Xunta amosa no seu primeiro ano de vixencia uns resultados moi positivos, con 86.319 expedientes de dependencia e discapacidade resoltos de maneira favorable, case o dobre que en todo 2024. Destas resolucións, un total de 12.626 foron por homologación automática. Ademais, reducíronse os tempos de espera en dous meses, mentres que aumentan no resto de España.

A Xunta advirte do impacto nefasto do recurso do Goberno central na atención á dependencia e á discapacidade, e pídelles un cambio de actitude e un maior compromiso nesta materia. Ao respecto, lembra que o Executivo segue sen cumprir coa Lei de Dependencia e non só está moi lonxe de asumir o 50% do custo dos servizos e prestacións que esixe a norma, senón que cada ano reduce a súa achega.

Este déficit no financiamento está a carrexar unha importante débeda con Galicia, que neste 2026 chegará aos 2.900 millóns de euros. A Xunta demanda para Galicia o mesmo compromiso que o Executivo de Pedro Sánchez ten con outros gobernos autonómicos como o do País Vasco, co que acordou unilateralmente financiar a partes iguais a dependencia (50%-50%), o que na práctica supón xerar dependentes de primeira e dependentes de segunda.

Repotenciacións

Con respecto á repotenciación de parques eólicos, recollida tamén na Lei de acompañamento dos Orzamentos de 2025 e recorrida polo Goberno, Rueda explicou que a medida que introduciu a Xunta, e que agora se paraliza supoñía, a obrigatoriedade de reducir o número de aeroxeradores e substituílos por outros máis modernos e potentes, no caso dos parques de máis de 25 anos.

En Galicia hai 16 parques eólicos nesta situación, que aínda non comezaron a repotenciación de xeito voluntario. En consecuencia, a suspensión desta medida abortará, de momento, que estes 16 parques "pasen de ter 572 a 112 muíños (un 80% menos)"; e que eleven a súa potencia instalada de 1.104 a 1.524 megavatios (un 38% máis).

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA DESTINA NESTE ANO 10,3 M€ A ACTUACIÓNS DE COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO

- O Consello aprobou o 'Plan anual 2026 da cooperación galega para o desenvolvemento', enmarcado no 'V Plan director da cooperación galega 2023-2026'
- O texto prevé novas convocatorias de axudas para proxectos, así como darlle continuidade aos compromisos adquiridos o ano pasado
- A cooperación para o desenvolvemento e a acción humanitaria no exterior, educación para o desenvolvemento e a investigación centran as diversas liñas de actuación

O Consello da Xunta deulle hoxe o visto bo ao proxecto de acordo polo que se aproba o *Plan anual 2026 da cooperación galega para o desenvolvemento*, dotado con 10,3 millóns de euros, un 5% máis que o ano pasado, e que xa foi informado favorablemente polo Consello Galego de Cooperación para o Desenvolvemento (Congacode) na xuntanza do pasado día 23. A través deste instrumento, o Goberno galego establece a programación operativa da cooperación galega en función das prioridades xeográficas e sectoriais e dos resultados previstos no *V Plan director da cooperación galega 2023-2026*.

Así, prevense novas convocatorias de axudas que son xa sinais de identidade da cooperación galega. Trátase, por exemplo, das subvencións plurianuais para proxectos de cooperación no exterior de ONGD e outros axentes de cooperación, cunha dotación de 6,3 millóns de euros para o período 2026-2027, dos que 2,2 millóns se reservan para este 2026.

Ademais, publicarase a convocatoria bianual para proxectos de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, que contará con 720.000 euros na nova orde. A maiores, como novidade, este ano 2026 publicarase unha convocatoria de programas de Educación para o Desenvolvemento e a Cidadanía Global, por importe de 720.000 € para tres anos.

Por outra parte, publicarase a convocatoria anual de subvencións para proxectos anuais de acción humanitaria, cunha dotación de 700.000 euros, así como a orde de axudas para microproxectos de cooperación no exterior, que estará dotada con 150.000 euros.

No que se refire á formación, publicaranse seis novas bolsas para persoas expertas en cooperación para o desenvolvemento ás que se destinarán 32.200 euros neste exercicio, no marco dun orzamento global de 104.600 euros ata 2027, ademais do pagos correspondentes á Seguridade Social.

Neste ano manterase a liña financeira para axuda humanitaria ou de emerxencia co obxectivo de dar resposta por parte da Xunta cando se produza un chamamento internacional por mor dunha catástrofe ou crise humanitaria. Nesta liña, está prevista a sinatura de convenios coas ONGD Farmamundi (50.000 euros) e a Asociación Solidariedade Galega con Pobo Saharauí (Sogaps) (100.000 euros), así como cos Comités

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

españóis das Axencias das Nacións Unidas, ACNUR, UNRWA e Unicef entre outras organizacións (150.000 euros en total), e prevese recibir fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero para financiar proxectos de acción humanitaria.

No ámbito da educación para o desenvolvemento e do fortalecemento do sistema galego de cooperación, o plan recolle a sinatura de convenios con organizacións como a Coordinadora Galega de ONGD (110.000 euros); o Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (60.000 euros); ou as ONGD Solidariedade Internacional de Galicia, AGARESO e Asemblea de Cooperación pola Paz, para dar continuidade ao programa que se enmarca no *Plan Proxecta: Activistas polo mundo que queremos*, cunha dotación prevista de 70.000 euros (30.000 euros en 2026 e 40.000 en 2027).

Por outra banda, apoiarase un ano máis o fortalecemento de capacidades técnicas na xestión dos recursos hídricos en Mozambique, a través dun acordo con Augas de Galicia e a Asociación Enxeñería Sen Fronteiras Galicia, con case 332.600 euros, dos que 125.000 euros serán aportados neste ano, e seguirase realizando cooperación técnica en materia de pesca e acuicultura coa Fundación CETMAR.

Compromisos de 2025

Ademais destas novas accións, daráselle cobertura aos compromisos adquiridos en 2025, como os 29 proxectos no exterior dos axentes de cooperación, 18 proxectos de Educación para o desenvolvemento e a cidadanía global, nove proxectos de investigación e creación de grupos de investigación en materia de cooperación para o desenvolvemento, tres programas de cooperación exterior e seis bolsas de formación de persoas expertas en cooperación internacional.

A eles engádenselles os convenios con distintas entidades para a mellora de recursos hídricos e da seguridade alimentaria en Mozambique; para o desenvolvemento do proxecto *Activistas polo mundo que queremos*, enmarcado no *Plan Proxecta* da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e FP; e para a colaboración con AECID e a cooperación descentralizada co obxectivo de actuar de maneira conxunta e coordinada en materia de acción humanitaria.

A través das medidas incluídas no Plan anual da cooperación galega para o desenvolvemento o Goberno galego avanza nos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) co fin de erradicar a pobreza, reducir as desigualdades, promover os dereitos humanos e as liberdades fundamentais ou loitar contra o cambio climático, tal e como establece *V Plan director da cooperación galega 2023-2026*, que tamén alíña o seu marco estratéxico coa Axenda 2030 e os seus ODS.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA A NOVA LEI DE APRENDIZAXE PERMANENTE PARA ATENDER OS CAMBIOS SOCIAIS, TECNOLÓXICOS E LABORAIS E GARANTIR A FORMACIÓN DURANTE TODA A VIDA

- Destaca que cómpre actualizar a norma vixente, de 1992, centrada principalmente no obxectivo de que os adultos obteñan un título de ensino básico, algo que hoxe en día xa ten a maioría dos galegos
- O conselleiro de Educación resalta que a previsión é "poder derivar ao Parlamento a nova normativa a inicios de 2027"
- A nova lei asegura a formación continua dos maiores de 18 anos e presta atención a grupos como a poboación migrante ou colectivos desfavorecidos
- Aglutinarase por primeira vez baixo a mesma normativa toda a oferta autonómica, tanto da Consellería de Educación como doutros departamentos
- Desenvolverase unha plataforma dixital onde poder consultar as opcións existentes, con calendarios, localizacións ou requisitos, entre outra información

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou que o Consello aprobou hoxe iniciar os trámites para a nova Lei de aprendizaxe permanente de persoas adultas que busca "adaptar a formación continua aos cambios sociais, tecnolóxicos, académicos e laborais" rexistrados nas últimas décadas.

O novo texto, que vai supoñer un cambio completo de enfoque nas ensinanzas para a cidadanía de 18 ou máis anos, substituirá a Lei de educación de adultos, de 1992 para adaptala "ás novas realidades", indicou o conselleiro de Educación, Ciencia, Universidades e FP, Román Rodríguez, quen salientou que se traballa co obxectivo "de poder enviar o texto ao Parlamento a inicios de 2027".

Tal e como explicou o presidente, ata agora, a lei centrábase en que un adulto puidese obter un título de ensino básico logo de non logralo nos seus anos de escolarización obrigatoria. "Este xa non pode ser o obxectivo principal porque a gran maioría da poboación xa conta con esta formación", salientou. Por iso, a futura norma fíxase como obxectivo a formación permanente ao longo da vida, de xeito que unha persoa poida cualificarse, recualificarse e ter así novas oportunidades de traballo.

"Deixamos atrás un vello paradigma. Estamos nunha transición cara un aprendizaxe permanente que busca unha poboación máis preparada para facer fronte aos retos do mercado de traballo e da sociedade actual", resaltou o conselleiro.

Datos que explican o cambio

Os datos explican a necesidade deste cambio de enfoque. Só tendo en conta a oferta formativa non universitaria da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, obsérvase que nos últimos anos se acada unha matrícula de 62.000 persoas, que supón un 24,43% máis comparado co ano previo á pandemia, o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

curso 2018/19. Agora ben, existen importantes diferenzas en función da tipoloxía de ensinanzas neste eido.

Dado que a maior parte da poboación xa conta cun título de ESO ou bacharelato, prodúcese un gran descenso de alumnos en ensinanzas iniciais (-46,44%), educación secundaria para persoas adultas (-45,48%), ou bacharelato para persoas adultas (-45,81%). Así, estas tres modalidades suman 7.101 estudantes no actual curso. Pola contra, experimentan un notable incremento as ensinanzas de réxime especial (+16,72%), as ensinanzas non regradas (+46,56%) e a formación profesional de adultos (+101%). En conxunto, estas tres tipoloxías reciben na actualidade 54.985 alumnos.

Ademais, estase a producir un auxe do alumnado estranxeiro, con máis de 5.000. De feito, na formación profesional representan un 10,76% do total e, en ámbitos como o ensino de español nas escolas de idiomas, hai unha alza do 300% e, nas ensinanzas non regradas, a aprendizaxe de castelán e galego para inmigrantes sobe un 100%.

Idiomas, alfabetización dixital, acollida...

Estes datos evidencian a necesidade dun cambio real de enfoque, de maneira que estas ensinanzas cumpran a súa función social e respondan ás necesidades actuais de Galicia, fomentando a acollida dos novos galegos e acompañando o conxunto da poboación, que poida ter a posibilidade de atopar a formación que precisa en calquera momento, con independencia da súa idade, mesmo se deciden cambiar a súa traxectoria laboral.

O coñecemento da nosa lingua e cultura, o desenvolvemento persoal e social, a conexión co mercado laboral e a contribución á equidade, a inclusión e a mellora dunha sociedade en constantes cambios son así obxectivos prioritarios para a Xunta na nova lei, que tamén velará por garantir a alfabetización dixital e evitar así unha fenda tecnolóxica.

Con este cambio de enfoque, Galicia alíñase ademais cos obxectivos da UE, establecidos no Plan europeo de aprendizaxe de persoas adultas 2030, e no Plan de acción do pilar europeo de dereitos sociais, que establece que, para esa data, polo menos o 60% das persoas adultas deben participar anualmente en actividades de formación continua.

Colectivos de especial interese

O conselleiro de Educación indicou que esta poboación divídese en dous grandes colectivos: grupos en situación de vulnerabilidade e poboación adulta que busca a mellora profesional ou académica. Nos primeiros inclúense persoas con baixo nivel educativo, poboación migrante, poboación reclusa e persoas pertencentes a colectivos sociais desfavorecidos. Pola súa banda, no segundo grupo están traballadores sen cualificación académica ou profesional, persoas que necesitan actualizarse para adaptarse ás novas demandas do mercado laboral, persoas que desexan ampliar a súa formación e darlle continuidade e, por último, persoas que precisan mellorar a súa integración e desenvolvemento persoal e social.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Con este fin, por primeira vez aglutinarase baixo a mesma normativa toda a oferta autonómica de aprendizaxe permanente, non só a ofrecida pola Consellería de Educación, senón tamén a que imparten outros departamentos do Goberno galego. Para facilitar o acceso da poboación ás distintas opcións existentes, Román Rodríguez indicou que se creará "unha plataforma dixital que aglutinará toda a oferta formativa autonómica" na sexa posible consultar as diferentes opcións dispoñibles, calendarios, localizacións ou requisitos, entre outros aspectos.

Orientación e redución de trámites

A configuración dun sistema integrado prestará especial atención aos labores de información e orientación, de tal forma que as persoas que desexen mellorar a súa formación ou cualificación estean acompañadas e asesoradas á hora de facelo. Tamén se deberán simplificar os trámites e procedementos, de maneira que se facilite o ingreso. E, finalmente, garantir a innovación que xa se dá noutras ensinanzas e a formación dos formadores, que estean tamén actualizados e adaptados aos novos requirimentos.

Búscase tamén avanzar na alfabetización dixital universal, de tal forma que as persoas adultas aprendan a desenvolverse mellor coas novas ferramentas tecnolóxicas, algo fundamental para a equidade e a inclusión na nosa sociedade. Para iso, a nova lei avanzará na integración das novas tecnoloxías, incorporando igualmente as vantaxes da intelixencia artificial. Tamén se favorecerá a formación a través de medios dixitais, de tal forma que, mantendo as opcións presenciais, a cidadanía dispoña de opcións a distancia, accesibles a calquera persoa desde calquera lugar, algo especialmente relevante para o rural galego e que reclama actualmente a poboación traballadora.

Tres novos instrumentos de coordinación

A lei desenvolverase a través de tres instrumentos. Por unha banda, elaborárase unha Estratexia galega de aprendizaxe permanente, que recollerá os obxectivos e liñas de actuación mediante unha oferta global e integrada no conxunto de Galicia. Incluírase nela un novo sistema de avaliación e acreditación de competencias básicas, que permitirá acreditar os logros acadados e facilitará o acceso a outras formacións.

Así mesmo, créase unha Comisión interdepartamental, que incluírá a todos os axentes que realizan formación e atención ás persoas adultas, e actuará como receptora de todas as ofertas. Finalmente, o Consello Galego de Aprendizaxe Permanente de Persoas Adultas será o órgano consultivo no desenvolvemento da lei.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APOIARÁ CON 6 M€ A CONSTRUCCIÓN, AMPLIACIÓN E EQUIPAMENTO DE CATRO CENTROS TECNOLÓXICOS

- Resolverá este mes unha liña de axudas, enmarcada no Plan galego de I+D+i 25-27, que beneficiará a proxectos de CETIM, CTAG, ITG e AIMEN
- CETIM construírá en Arteixo un novo centro de excelencia en economía circular, mentres que CTAG ampliará a súa capacidade en áreas como o vehículo eléctrico
- Consolidarase tamén o centro de experimentación avanzada en vehículos non tripulados de ITG e crearase un laboratorio óptico no novo edificio de AIMEN
- O Goberno galego está destinando máis de 100 M€ nos últimos anos á construción, ampliación, mellora e equipamento de centros de coñecemento na Comunidade tanto públicos, universitarios, centros tecnolóxicos ou de iniciativa empresarial

O Consello da Xunta informou hoxe da próxima resolución da cuarta edición da convocatoria de fortalecemento de centros tecnolóxicos, coa que se apoiará a catro entidades para ampliar e mellorar as súas infraestruturas de investigación cun orzamento de 6 M€ que, sumados ao que achegarán os propios centros, mobilizará 12 M€.

Os centros que se beneficiarán desta liña de axudas, distribuída en catro anualidades ata 2028, son CETIM (Fundación Centro Tecnolóxico de Investigación Multisectorial), CTAG (Fundación para a promoción da Innovación, Investigación e Desenvolvemento Tecnolóxico na Industria da Automoción), ITG (Fundación Instituto Tecnolóxico de Galicia) e AIMEN (Asociación de Investigación Metalúrxica do Noroeste).

Trátase dunha das accións da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional no marco do Plan galego de investigación e innovación 25-27 para fortalecer o ecosistema de I+G+i, a ciencia e a innovación feitas en Galicia, mellorando así a súas capacidades e o potencial de experimentación. Cofinanciado pola Unión Europea no marco do programa Feder Galicia 2021-2027, este novo apoio facilitará o crecemento destes centros, potenciará a súa competitividade a escala internacional e reforzará as actividades de transferencia ao tecido produtivo, sobre todo ás pemes. Ademais, contribuirá ao mantemento de 115 postos de traballo de persoal doutor.

Concretamente, os proxectos apoiados nesta convocatoria de 2025, que se publicará no Diario Oficial de Galicia este mes, son a construción dun novo centro de excelencia en economía circular de CETIM en Arteixo, cunha achega de máis de 3 M€, onde se localizarán os equipamentos adquiridos na convocatoria anterior tamén apoiada pola Xunta. Grazas a isto, impulsarase unha nova infraestrutura de investigación avanzada, singular e innovadora. Pola súa banda, o CTAG (O Porriño) adquirirá infraestruturas de I+D para a mobilidade do futuro cunha achega de máis de 2 M€, o que posibilitará ampliar as capacidades en áreas como o vehículo eléctrico, a industria 5.0 e a seguridade pasiva.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Nesta edición consolidárase tamén o centro de experimentación avanzada en vehículos non tripulados de ITG (A Coruña), cunha achega da Xunta de máis de 500.000€, para a investigación aplicada en tecnoloxías duais (civil e defensa) orientada a operacións cooperativas aire-mar-terra e con sistemas autónomos ciberseguros. Finalmente, a Consellería destina a AIMEN (Vigo) máis de 300.000€ para fortalecer e modernizar as súas infraestruturas de investigación e incorporar un laboratorio óptico no edificio que se está construíndo actualmente, tamén grazas ao apoio da Xunta na pasada edición.

Os centros tecnolóxicos son unha das liñas prioritarias no apoio á I+G+i. Por iso, desde 2018, cando se lanzou a primeira convocatoria desta liña de axudas, o Goberno autonómico ten apoiado un total de 23 proxectos cun investimento de máis de 23 M€, o que posibilitou a mobilización dun total de 46 M€ pola colaboración público-privada.

Amplos apoios aos centros de I+G+i

A I+G+i lévase a cabo a través dunha ampla tipoloxía de entidades que reciben financiamento por parte do Goberno autonómico. Así, ademais, dos centros tecnolóxicos, a Consellería de Ciencia está impulsando tamén a construción, ampliación, mellora e adquisición de equipamento en centros de investigación universitario e empresariais, entre outros. O investimento neste senso supera xa os 100 millóns de euros.

No caso dos centros de investigación empresarial, a Consellería de Ciencia achegou 4,2 M€ para a construción do Centro de Investigación Mestrelab, xa en marcha en Santiago de Compostela, no que se traballa na aceleración da investigación para o deseño de novas ferramentas dixitais de alto valor engadido para os sectores farmacéutico e biotecnolóxico. A Xunta tamén achega a Borgwarner (Nigrán) 5 M€ para a construción do centro de investigación avanzada eMobility, obra que rematará este ano e que permitirá traballar na investigación en tecnoloxías avanzadas para vehículo eléctrico.

No eido universitario, a Xunta tamén apoia a mellora dos centros de investigación máis excelentes de Galicia, que conforman a Rede CIGUS. De feito, achegou 4,8 M€ para as novas instalacións do IGFAE (Instituto Galego de Física de Altas Enerxías), tamén xa concluídas e en funcionamento, co foco posto en dar un salto cualitativo no seu labor, para o que se ampliou a súa superficie en laboratorios experimentais, espazos comúns de traballo e áreas destinadas ás actividades de divulgación, entre outros.

Así mesmo, o departamento de Ciencia tamén conta con convenios coas universidades públicas galegas a través dos que financian equipamento científico e de innovación educativa. No 2025, a Xunta destinou 12,5 M€ nesta materia para dotar aos centros de investigación e servizos centrais de material para facilitar a súa actividade.

En toda esta liña de traballo, cómpre mencionar a aposta decidida polo CESGA (Centro de Supercomputación de Galicia) coa construción dunha nova sede e a adquisición de tecnoloxía de vangarda por 56 M€, cofinanciados con fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia no marco do PERTE Chip. Así mesmo, acaba de aprobarse a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

creación de dous laboratorios cuánticos compartidos entre o CESGA e o IGFAE e o AtlanTTic (Centro de investigación en Tecnoloxías de Telecomunicación) da UVigo.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA UN CONVENIO EN MATERIA DE VIOLENCIA DE XÉNERO CO MINISTERIO DE IGUALDADE

O acordo busca blindar o [servizo telefónico gratuito de atención ás vítimas](#)

O Consello da Xunta autorizou esta mañá a sinatura dun convenio de colaboración en materia de violencia de xénero entre a Consellería de Política Social e Igualdade e o Ministerio de Igualdade sobre a atención telefónica ás mulleres que denuncian situacións ou casos de violencia de xénero.

Este acordo asínase coa Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero - do Ministerio de Igualdade- , para a prestación do servizo telefónico de información, atención e asesoramento xurídico. Con el garántese a derivación automática das chamadas realizadas ao teléfono 016 desde calquera lugar da nosa comunidade ao teléfono correspondente en Galicia: o 900 400 273.

Esta colaboración permite unha atención máis completa ás vítimas, facilitándolles unha información precisa e completa sobre os recursos que se atopan máis próximos ao lugar onde viven e nos que poden recibir a axuda que necesitan. Do mesmo modo, poden derivar desde Galicia ao 016 aquelas chamadas que se considere oportuno para unha atención máis específica para determinados casos concretos, por exemplo as consultas que soliciten asesoramento xurídico especializado.

Así mesmo, sempre garantindo que no caso de que unha usuaria deste servizo telefónico necesite atención de emerxencia, a súa chamada derívase automaticamente ao teléfono de emerxencias 112 de Galicia.

Ademais, a Xunta e o Goberno central comprométense neste acordo a difundir de maneira conxunta os dous números de teléfono (o 016 e o 900 400 237) nas campañas divulgativas e de sensibilización que se realicen na nosa comunidade. Os dous teléfonos son gratuítos e anónimos, e funcionan as 24 horas do día.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA APROBA A CONTRATACIÓN DO PRIMEIRO PROTOTIPO FLOTANTE A NIVEL NACIONAL QUE PERMITIRÁ MONITORIZAR O MAR E EVACUAR A ENERXÍA XERADA POLAS ONDAS E AS MAREAS NO CONTORNO DE PUNTA LANGOSTEIRA

- O proxecto, denominado Innomar e impulsado pola Administración galega no marco da compra pública innovadora (CPI), conta cun orzamento de 5,7 millóns de euros e permitirá situar no mapa nacional o potencial enerxético desta zona da costa coruñesa
- Trátase dunha iniciativa pioneira no eido das enerxías mariñas, que aposta pola xeración de coñecemento científico e tecnolóxico transmisible e incorpora unha vertente ambiental para o estudo da biodiversidade do medio mariño
- Ademais de facilitar a evacuación a terra da enerxía xerada a través dunha única liña, posibilitará o autoconsumo no contorno e potenciará a cadea de valor das industrias asociadas a esta fonte de enerxía renovable
- A zona experimental de Punta Langosteira constitúe unha infraestrutura única para a validación de tecnoloxías mariñas en condicións reais e está considerada como a segunda zona experimental do mundo con maior concentración de enerxía das ondas, por detrás da costa sur de Gales

O Consello da Xunta acordou esta mañá aprobar a licitación da execución do proxecto de compra pública de innovación (CPI) Innomar, que promove o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) dependente da Consellería de Economía e Industria. A iniciativa está dirixida a avanzar no desenvolvemento das enerxías renovables mariñas a través da instalación do primeiro prototipo flotante destas características no contorno de Punta Langosteira, na Coruña, que permitirá monitorizar e evacuar a enerxía xerada polas ondas e as correntes.

O proxecto Innomar contempla o deseño, desenvolvemento e validación dunha solución tecnolóxica innovadora consistente nun multiconector flotante sensorizado, que permita a conexión de múltiples prototipos de xeración eléctrica a partir de renovables mariñas e a evacuación da enerxía producida. Tamén servirá para monitorizar en tempo real as condicións atmosféricas e mariñas como o vento, ondada, correntes e mareas, así como factores ambientais e de biodiversidade do medio mariño.

O prototipo estará situado na zona experimental de enerxías mariñas de Punta Langosteira, unha infraestrutura única para a validación de tecnoloxías mariñas en condicións reais e que está considerada como a segunda zona experimental do mundo con maior concentración de enerxía das ondas, por detrás da costa sur de Gales.

Na actualidade non existe ningunha zona experimental de enerxías do mar a nivel nacional que dispoña dun sistema multiconector similar ao que está previsto desenvolver en Punta Langosteira, que permita unha evacuación posterior da enerxía

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

xerada a terra nunha única liña para minimizar calquera posible impacto sobre o ambiente ou outras actividades do mar. Unha solución que, ademais, posibilitará o autoconsumo nas áreas próximas, que neste caso podería ser o propio porto da Coruña ou as áreas empresariais do contorno.

Xerando coñecemento

A contribución do proxecto Innomar vai máis aló da xeración e evacuación de enerxía renovable, xa que contribuirá ao desenvolvemento de solucións tecnolóxicas avanzadas apostando pola xeración de coñecemento científico e tecnolóxico transferible, ao reforzo da competitividade e sustentabilidade do tecido empresarial galego e a potenciar a cadea de valor das industrias asociadas a esta fonte de enerxía renovable.

O orzamento para a súa posta en marcha ascende a 5,7 millóns de euros, cofinanciados nun 60% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), a través do Programa plurirrexional de España 2021-2027, no marco da liña de Fomento da innovación desde a demanda (liña FID) para a compra pública de innovación.

Galicia unha potencia en eólica mariña

A Comunidade galega é unha das rexións europeas con maior potencial de enerxías renovables mariñas, que conta cunha área de ensaio en Punta Langosteira onde se desenvolven actividades para favorecer o desenvolvemento tecnolóxico e de estudos relacionados co medio mariño, a biodiversidade e os recursos enerxéticos renovables, en liña cos obxectivos da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e da Axenda Enerxética de Galicia 2030.

A consolidación da zona experimental de enerxías mariñas de Punta Lagosteira co futuro prototipo do proxecto Innomar, xunto cos avances da industria galega no sector naval e no sector das tecnoloxías renovables, axudará a converter esta zona nun referente neste eido.

Ademais, o Goberno galego ten como obxectivo poñer en marcha unha segunda plataforma experimental para testar prototipos de eólica mariña flotante, co obxectivo de afondar no coñecemento das novas tecnoloxías e co convencemento de que as enerxías renovables formen parte do futuro *mix* enerxético para avanzar nos procesos de transición enerxética e descarbonización. Un proxecto que agarda polo apoio do Estado.

Á cabeza da compra pública innovadora

A Comunidade galega sitúase á cabeza da compra pública innovadora, unha fórmula que aspira a impulsar a innovación na empresa privada a través do sector público, coa adquisición de bens, servizos ou solucións con que dar resposta á necesidades reais do mercado. Na convocatoria de 2024 da liña de Fomento da innovación desde a demanda, Galicia captou preto de 45,6 millóns de euros en proxectos de CPI e case a metade dos

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

proxectos concedidos a nivel estatal, con iniciativas vinculadas a ámbitos tan diversos como a educación, o ambiente ou a sanidade, entre outros, ademais da enerxía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA UN ACORDO MARCO PARA DAR CONTINUIDADE E AMPLIAR A PLATAFORMA DE ACCESO REMOTO AOS POSTOS DE TRABALLO DO EMPREGADO PÚBLICO

- A solución, posta en marcha no ano 2021, permítelles aos empregados públicos acceder de forma segura e remota aos seus equipos e aplicacións corporativas
- O acordo garante a continuidade do servizo e posibilita a ampliación progresiva da plataforma, que dá servizo a 5.000 profesionais da Administración autonómica, coa previsión de chegar a atender ata 10.000 usuarios ao mesmo tempo
- O acordo marco terá unha vixencia de catro anos e un valor estimado máximo de 8,6 millóns de euros

O Consello da Xunta autorizou hoxe a tramitación dun acordo marco que garante a continuidade, o mantemento e a ampliación da plataforma de virtualización de postos de traballo, impulsada pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), que lles permite aos empregados públicos acceder de maneira segura aos seus equipos e aplicacións corporativas, tanto desde o posto físico da oficina como en modalidade de teletraballo ou mobilidade.

O acordo marco autorizado hoxe permitirá garantir a continuidade deste servizo, asegurando a dispoñibilidade das licenzas necesarias e dos servizos de xestión e soporte da plataforma. Ademais, este modelo de contratación permitirá ampliar progresivamente as capacidades da plataforma en función do incremento das necesidades. Actualmente dá servizo a 5.000 empregados públicos (1.500 do eido xudicial) e o obxectivo deste novo acordo marco é que a plataforma teña capacidade para atender ata 10.000 usuarios ao mesmo tempo.

O acordo marco terá unha vixencia de catro anos e un valor estimado de ata 8,6 millóns de euros. Está dividido en dous lotes, o de subministración de licenzas e o da prestación dos servizos de operación e soporte por un único empresario.

A plataforma púxose en marcha no ano 2022 como unha infraestrutura estratéxica para ofrecerlles aos empregados públicos o acceso a un escritorio corporativo virtual único e homoxéneo, independente do dispositivo de acceso empregado, e accesible desde calquera localización que cumpra os requisitos de seguridade establecidos.

Desde entón, converteuse nun elemento clave para o desenvolvemento do traballo en mobilidade e para a modernización da xestión dos postos de traballo dixitais da Administración autonómica.

A plataforma de virtualización posibilita o acceso ás aplicacións corporativas sen necesidade de conexión mediante VPN nin de manter aceso o posto físico da oficina, mellorando a rapidez de acceso e optimizando o uso dos recursos de rede. O acceso realízase mediante credenciais corporativas e sistemas de autenticación reforzada,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

como certificados electrónicos ou códigos dun só uso, garantindo os máximos niveis de seguridade.

Entre as principais vantaxes da plataforma destacan tamén a súa escalabilidade inmediata, que permite aumentar os recursos asignados aos postos de traballo sen intervención directa nos equipos dos usuarios, e a xestión centralizada das actualizacións de software e seguridade, que se realizan de forma uniforme e transparente, o que mellora a estabilidade do servizo e reduce incidencias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA LICITA POR 6,7 M€ A CONSTRUCCIÓN DUN INMOBLE DE VIVENDAS DE PROMOCIÓN PÚBLICA, CON TÉCNICAS INDUSTRIALIZADAS, EN NOALLA, NO CONCELLO DE SANXENXO

- Trátase da contratación do proxecto e de obra, que determinará o número total de vivendas, que podería roldar as 25
- Construiranse nunha parcela cedida gratuitamente polo Concello, de 2.655 m², situada no lugar de Mourelos
- Como novidade, o prego de bases establece a obrigatoriedade do emprego de técnicas industrializadas
- Con este colaboración do Concello pontevedrés, Sanxenxo súmase a outras 14 entidades locais que xa cederon gratuitamente parcelas á Xunta para construír vivenda pública

A Xunta de Galicia construír vivendas de promoción pública no lugar de Mourelos, en Noalla, nunha parcela cedida gratuitamente para tal fin polo Concello de Sanxenxo. O número de vivendas que se van construír nunha parcela de 2.655 metros cadrados de superficie determinarase no proxecto, pero calcúlase que poderían ser ao redor de 25.

As vivendas incluírán o emprego de técnicas industrializadas, establecendo como novidade no prego de bases que non se terán en conta as propostas que non acaden unha puntuación mínima nesta materia.

Así, o Consello da Xunta tomou razón hoxe da tramitación do expediente de aceptación deste solo cedido á Xunta por parte do Concello de Sanxenxo.

Con tal fin, a Consellería de Vivenda e Planificación, a través da Sociedade de Vivenda Pública de Galicia, licitará o contrato unha vez autorizado polo Consello da Xunta de hoxe. A licitación realizarase polo procedemento de proxecto e obra, polo que o contrato incluír a redacción do proxecto, a execución da obra de construción e a dirección desta. O importe de licitación será de 6.798.539,47 euros.

A empresa adxudicataria disporá dun prazo de tres meses para a redacción do proxecto básico e dous máis para o de execución, e prevese o remate das obras para o ano 2028.

Con este colaboración do Concello pontevedrés, Sanxenxo súmase a outras 14 entidades locais que xa cederon gratuitamente parcelas á Xunta para construír vivenda pública. Trátase dos municipios de Pontevedra, Lugo, Teo, Lalín, A Estrada, A Coruña, Vilagarcía de Arousa, Ames, Carballo, Narón, San Cibrao das Viñas, Arteixo, Bueu e Baiona.

Esta iniciativa está incluída no compromiso da Xunta de Galicia de duplicar o parque de vivenda pública antes do remate de 2028, acadando as 8.000 unidades nese prazo. Para iso, en 2026 licitaranse as obras de preto de 2.700 vivendas, por case 500 millóns de

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

euros, que se unirán ás que xa se atopan en construción; estando previsto entregar as primeiras este mesmo ano aos seus adxudicatarios.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA AUTORIZA A CONTRATACIÓN POR 4,6 M€ DO SERVIZO DE LIMPEZA, DESINFECCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS DOS CENTROS DE ATENCIÓN PRIMARIA DA ÁREA SANITARIA DE LUGO, A MARIÑA E MONFORTE DE LEMOS

- O contrato terá unha duración inicial de dous anos e prevé unha posible prórroga por 24 meses máis
- O expediente inclúe os servizos de limpeza de 32 centros de saúde e 10 puntos de atención continuada da provincia de Lugo
- A superficie total que se debe limpar nestes centros sanitarios ascende a 46.610 m², ademais de contar con preto de 11.000 m² de vidro

O Consello da Xunta autorizou a licitación, por un importe de 4.643.855,35, dos servizos de limpeza, desinfección e xestión de residuos dun total de 42 centros de atención primaria da área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos.

O contrato terá unha duración inicial de dous anos e prevese unha posible prórroga por 24 meses máis. Neste caso, o valor estimado do contrato ascenderá ata os 9.210.952,78 euros.

O expediente inclúe a limpeza dos centros de saúde de Alfoz, Barreiros, Burela, Cervo, Foz, Ourel, San Cibrao da Viñas, O Valadouro, Xove, Abadín, Baralla, O Incio, Láncara, Fingoi (Lugo), García Portela (Lugo), Illas Canarias (Lugo), Centro Integral de Saúde de Lugo, Praza Ferrol (Lugo), Sagrado Corazón (Lugo), San Roque (Lugo), Monterroso, Navia de Suarna, A Pastoriza, A Pontenova, Rábade, Riotorto, centro de saúde da Barrela, Folgoso do Courel, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, O Saviñao e Sober.

Ademais, tamén prevé as tarefas de desinfección e xestión de residuos dos puntos de atención continuada de Mondoñedo, Ribadeo, A Fonsagrada, Viveiro, Guitiriz, Vilalba, Meira, Sarria, Chantada e Quiroga.

A superficie total destes centros sanitarios é de 46.610 metros cadrados, ademais de contar con preto de 11.000 metros cadrados de vidro. O contrato tamén inclúe a limpeza de paredes, linóleos e o mobiliario destas infraestruturas sanitarias.

O servizo integral de limpeza é unha das medidas máis eficientes á hora de romper e eliminar todas aquelas cadeas epidemiolóxicas que xorden das infeccións, virus e bacterias.

Así, estamos ante unha prestación imprescindible que ten como obxectivo proporcionarlles espazos limpos a usuarios e pacientes e ao persoal que traballa nos centros de atención primaria do Servizo Galego de Saúde. **A XUNTA E O**

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

**CONSELLO REGULADOR DA DOP MEXILLÓN DE GALICIA
REFORZAN EN 2026 A PROMOCIÓN E COMERCIALIZACIÓN
DESTE PRODUTO**

- A través do convenio, dotado con 500.000 euros, que permitirá o financiamento da monitorización do rendemento deste bivalvo e de actividades de promoción con que divulgar esta denominación de orixe protexida
- Desde 2021 o Goberno galego está a financiar accións impulsadas por esta entidade encargada da xestión e certificación do produto rei da acuicultura galega, o único alimento mariño que conta con este recoñecemento en toda España

A Administración autonómica estreita a súa colaboración co Consello Regulador da Denominación de Orixe Protexida (DOP) Mexillón de Galicia para o desenvolvemento de iniciativas de mellora da promoción e comercialización do mexillón certificado. Así se recolle no convenio autorizado hoxe polo Consello da Xunta e que asinarán a Consellería do Mar e a entidade responsable do control e certificación deste produto acuícola, o único en España que conta con este recoñecemento.

O acordo inclúe unha achega de 300.000 euros por parte da Administración autonómica, cofinanciados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), e o importe restante, 200.000 euros, correspóndelle ao Consello Regulador. Un investimento que permitirá sufragar medidas como a monitorización do rendemento deste bivalvo, e que resulta determinante para a estimación do seu valor nutritivo, comercial e ecolóxico. Tamén se recollen outras actividades promocionais coas cales divulgar esta denominación de orixe. É o caso da utilización de *influencers* que fusionan entretemento, proxección, creatividade e contidos cun gran potencial de interacción para a marca Mexillón de Galicia.

Esta tarefa no ámbito da comunicación complementarase con outras accións, como a elaboración dunha historia gráfica a través da revista trimestral *Mexillón de Galicia*, na cal se amosarán, en ton de humor, as características que fan único este produto. Tamén se recolle a realización dunha xornada de exaltación, que contará coa participación de representantes do sector e na cal se abordará a relevancia e repercusión deste distintivo, así como a versatilidade culinaria do bivalvo estrela das rías galegas.

Con este novo acordo dáse continuidade á alianza entre o Goberno galego e o Consello Regulador da DOP Mexillón de Galicia, co obxectivo de seguir reforzando o seu recoñecemento entre os consumidores como sinónimo de calidade e excelencia, unha liña de traballo na cal vén traballando a Xunta desde 2021. Concretamente, desde esa data a Administración autonómica financiou con máis de 650.000 euros distintas actividades levadas a cabo por esta entidade encargada da xestión, control e certificación deste produto considerado o rei da acuicultura galega.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

MAR FAVORECE A REMUDA XERACIONAL SIMPLIFICANDO A OBTENCIÓN DAS TITULACIÓNS DE MARIÑEIRO PESCADOR, PATRÓN LOCAL DE PESCA E PATRÓN COSTEIRO POLIVALENTE

- A través dunha nova orde que regula o procedemento e facilita o acceso a estas modalidades formativas
- Dá continuidade á aposta da Xunta pola capacitación da actividade marítima, complementando así o Programa de ensinanzas pesqueiras que, en 2026, conta cun investimento de 12,4 M€, un 9,5 % máis que en 2025
- En xaneiro tamén se aprobou a orde de axudas, dotada con 800.000 €, para a formación que imparten as confrarías, organizacións de produtores, cooperativas, asociacións profesionais de reparacións de redes e as súas federacións

O Consello da Xunta deu luz verde á Orde pola que se regula o procedemento para a obtención das titulacións de mariñeiro/a pescador/a, patrón/patroa local de pesca e patrón/patroa costeiro/a polivalente, co fin de adaptar estas disciplinas formativas ás necesidades do actual sector e, de xeito paralelo, dar resposta ao reto de achegar a actividade marítimo-pesqueira á xente moza, facéndoa máis atractiva, cualificada e garantido a remuda xeracional.

A principal modificación refírese á duración do curso para a obtención da titulación profesional de mariñeiro/a pescador/a. Concéntranse en 23 horas os principais contidos que actualmente se impartían en 50, equiparando a carga horaria establecida na normativa estatal. Outra das novidades é que parte da formación poderá realizarse previamente a ter cumprido a idade mínima requirida no momento do exame. Polo tanto, estas formacións poderán realizarse antes do cumprimento dos 16 anos para mariñeiro/a pescador/a e dos 18 para o resto das titulacións.

Así mesmo, simplifícanse as condicións referidas á acreditación de formación mínima, xa que só será necesaria unha declaración responsable sobre coñecementos básicos de calquera das linguas oficiais de Galicia, e faculta a entidade organizadora da formación para poder comprobar estes coñecementos mediante unha proba.

A Xunta coa profesionalización do sector

Este novo acordo dá continuidade á aposta da Xunta pola capacitación da actividade vinculada ao mar. Proba disto é que, nos últimos dous anos, se reforzaron os recursos destinados ás escolas dependentes da Consellería do Mar e se ampliou a oferta para atender as novas necesidades do sector. Así, en 2026, o Programa de ensinanzas pesqueiras rolda os 12,4 millóns, un 9,5 % máis que en 2025. Un esforzo investidor que permitirá impulsar medidas de remuda xeracional, mellorar a acreditación por competencias e garantir o funcionamento dos centros formativos. No marco desta iniciativa impartíronse o pasado ano 245 accións que formaron 2.091 persoas.

No mes de xaneiro, o Consello da Xunta tamén autorizou a Orde pola que se establecen

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2026, en réxime de concorrencia non competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (Fempa), que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro. Dotadas con 800.000 euros, están dirixidas a seguir promovendo unha pesca rendible e competitiva mediante a mellora das capacidades, o desenvolvemento profesional e as condicións laborais.

Estas accións serán executadas polas confrarías, organizacións de produtores, cooperativas ou asociacións profesionais de reparacións de redes e as súas federacións. Ao abeiro destas achegas, nas pasadas convocatorias desde 2022 impartíronse 316 cursos, dos cales se beneficiaron 3.465 persoas, moitas delas mulleres.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA SOMETERÁ A CONSULTA PÚBLICA O TRAZADO DO CAMIÑO DO LITORAL CO OBXECTIVO DE ANIMAR A CIDADANÍA A ENRIQUECELO E AXUDAR A VERTEBRAR A GALICIA COSTEIRA

- O borrador publicárase nos vindeiros días e as persoas interesadas terán un mes de prazo para faceren achegas, propostas ou suxestións co fin de acadar o máximo consenso na definición desta iniciativa para a posta en valor do litoral autonómico
- O proxecto apostou por unificar camiños e infraestruturas xa existentes para minimizar o impacto ambiental e paisaxístico, ao tempo que priorizou que todas as etapas comecen e rematen en núcleos de poboación con servizos básicos dispoñibles
- A proposta actual só requiriría de actuacións específicas en arredor do 10% do percorrido -uns 130 quilómetros- co fin de poñelo en valor, facer traballos de limpeza ou roza e mellorar a seguridade ou continuidade da senda, cuestións para as que o Executivo galego conta cun orzamento de 1,7 millóns de euros
- Este novo trámite na definición do itinerario dá continuidade ao deseño da identidade visual propia do camiño e ás reunións mantidas cos concellos nas últimas semanas para informalos do proceso e lograr a máxima implicación e colaboración
- O Goberno galego avanza tamén no desenvolvemento da aplicación Conecta Litoral, cun investimento de 100.000 euros e que estará lista nos próximos meses con información sobre o Camiño do litoral e os valores culturais e naturais do contorno

A Xunta vai someter a consulta pública a proposta de trazado do Camiño do litoral de Galicia co obxectivo de implicar o conxunto da cidadanía -entidades locais, organizacións sociais e a sociedade en xeral- no perfeccionamento e enriquecemento dun proxecto que vertebrará a Comunidade pola costa. Neste sentido, o itinerario deseñado publicárase nos vindeiros días tanto na web Galicia Litoral como no Portal de transparencia do Goberno galego, e estará dispoñible durante un mes para que as persoas interesadas poidan facer achegas, propostas ou suxestións de cara a acadar o máximo consenso posible na definición desta iniciativa que pretende poñer en valor o patrimonio costeiro galego.

O Consello analizou hoxe un informe sobre as actuacións -coa participación de todas as partes implicadas- que está a desenvolver o Executivo autonómico para a posta en marcha desta iniciativa, estruturada inicialmente en 52 etapas a pé e en bicicleta entre Ribadeo e A Guarda, ás cales se suma unha adicional que, polo momento, unicamente se pode realizar en bicicleta, ata Tui. En total, o trazado actual -no cal se busca que cada etapa comece e remate en núcleos de poboación con servizos básicos dispoñibles- suma máis de 1.300 quilómetros repartidos entre 79 concellos costeiros.

O punto de partida do Camiño do litoral que se vai someter a consulta pública estivo nun convenio asinado en 2025 entre a Axencia Turismo de Galicia e a Fundación Galicia Sustentable, que realizou o primeiro esbozo desta senda dando prioridade á unificación de camiños e infraestruturas xa existentes para evitar afeccións de importancia e minimizando así tanto o impacto ambiental como o paisaxístico, e que contou co apoio

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

de administracións locais, entidades sociais e mesmo coa implicación de persoas propietarias de terreos privados.

A partir desa base, a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático analizou o trazado coa actuación *Roteiro pola senda*, que consistiu nun exhaustivo traballo de campo ao longo de todo o percorrido -realizado entre agosto e outubro do ano pasado- que permitiu identificar necesidades e posibles melloras no percorrido.

De feito, desta análise despréndese que preto do 90% do itinerario -1.240 quilómetros- non require de intervencións significativas ao coincidir con rutas xa consolidadas ou infraestruturas existentes como camiños tradicionais, zonas urbanas, pistas asfaltadas, estradas con beirarrúas ou pasarelas de madeira en ámbitos de praia.

Mentres, é preciso executar actuacións específicas en arredor do 10% do trazado (preto de 130 quilómetros) co fin de poñer en valor o percorrido, realizar traballos de limpeza ou roza ou mellorar as condicións de seguridade ou de continuidade da senda, cuestións para as cales a Xunta conta cun orzamento de 1,7 millóns de euros.

O Camiño do litoral pretende enlazar espazos de elevado valor paisaxístico con núcleos habitados, funcionando como un corredor territorial continuo que mantén a maior parte do tempo unha relación visual directa co mar. Con el búscase tamén enxalzar o patrimonio cultural e natural con que conta a franxa costeira da Comunidade, cunha gran variedade paisaxística e unha biodiversidade extensa.

Ferramenta dixital

Precisamente, co obxectivo de facilitar o coñecemento por parte do conxunto da cidadanía da riqueza natural, cultural, etnográfica ou arquitectónica do contorno do Camiño do litoral, a posta en marcha desta senda comporta tamén o deseño da aplicación móbil Conecta Litoral.

Esta ferramenta, cun investimento de 100.000 euros e que se prevé que estea rematada nos vindeiros meses, incluírá todas as etapas do Camiño do litoral, información sobre os elementos relevantes recollidos no Catálogo de bens de interese cultural e na Rede de establecementos turísticos da costa, así como outros datos sobre o patrimonio natural -flora e fauna- deste percorrido, para que os usuarios os teñan á súa disposición á hora de iniciaren calquera etapa por este corredor costeiro.

O fin último é amosar que o litoral de Galicia está vivo e activo e que conxuga esa protección do patrimonio cultural e ambiental coa actividade económica e social, un dos piares básicos da Lei de ordenación e xestión integrada do litoral de Galicia (Loxilga), que regula o exercicio pleno das competencias sobre a costa.

Ao mesmo tempo, nas últimas semanas avanzouse no deseño dunha identidade visual propia para o Camiño do litoral -para homoxeneizar a sinalización e reforzar a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

visibilidade e posta en valor desta iniciativa- e nos traballos previstos no convenio asinado entre a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático e a Axencia Turismo de Galicia, para definir o trazado definitivo desta senda e para iniciar a execución da súa sinalización por importe de 200.000 euros.

Entre as accións previstas estaban a supervisión, validación e modificación, de ser o caso, da proposta de trazado final do camiño, a elaboración do proxecto técnico de sinalización normalizada, a licitación e execución da instalación dos carteis e o control do cumprimento da súa execución e instalación. Nesta liña, nas últimas semanas mantivéronse distintas reunións cos concellos costeiros para informalos da proposta de percorrido da senda, así como da intención de unificar os indicadores en todo o seu trazado co fin de acadar a máxima implicación e colaboración.

Estas medidas enmárcase no recollido na Loxilga, que considera actuación estratéxica o impulso por parte das administracións públicas da creación dunha senda ou rede de sendas ao longo dos espazos terrestres do litoral que favorezan o lecer, o coñecemento e a interpretación da paisaxe litoral, así como a mobilidade peonil segura entre núcleos de poboación. O obxectivo é unificar tramos diferenciados da costa con características paisaxísticas, morfolóxicas ou patrimoniais propias.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

GALICIA PREVÉ PECHAR AS CONTAS DO ANO 2025 CUNHA RATIO DÉBEDA PIB DO 13'9 % , POR DEBAIXO DOS NIVEIS DO 2012

- A prudencia na xestión da débeda permite que o custo medio da carteira de débeda galega no peche de 2025 sexa do 1,76 %, fronte ao 2,32 % da do Estado
- As axencias de cualificación crediticia situaron a Comunidade galega entre as mellor valoradas, posibilitando a mellora das condicións de financiamento
- O atraso no cobramento das entregas á conta do Sistema de financiamento autonómico supuxo un sobrecusto de preto de 5 M€ en pagamento de xuros

Galicia prevé pechar as contas do ano 2025 cunha ratio débeda/PIB do 13,9 %. o que a sitúa por debaixo dos niveis do ano 2012 e dúas décimas menos que o previsto nos orzamentos xerais da Comunidade para esa anualidade. Son datos do informe sobre a execución do programa de endebedamento 2025 e estratexia de financiamento 2026, presentado ao Consello de Goberno polo conselleiro de Facenda e Administración Pública, Miguel Corgos.

A estrutura da débeda galega reflicte a prudencia na súa xestión, o que permitiu suavizar o impacto derivado do endurecemento das condicións de financiamento dos mercados nos anos anteriores. Iso posibilitou que o custo medio da carteira de débeda no peche do ano 2025 fose do 1,76 %, fronte ao 2,32 % do custo medio da do Estado.

Ademais, as axencias de cualificación crediticia Moody's e S&P melloraron a cualificación de Galicia, situándoa entre as comunidades autónomas mellor valoradas. As súas avaliacións inflúen de forma directa no custo e na dispoñibilidade do crédito, e de aí a importancia da boa cualificación de Galicia, que redunda nunha mellora das condicións de financiamento.

O informe conclúe tamén que o programa de endebedamento de 2025 se executou de acordo co previsto, cunha distribución cauta entre as distintas modalidades de financiamento: emisión sustentable, préstamos BEI e CEI e préstamos con entidades financeiras.

E iso a pesar de que, por segundo ano consecutivo, o atraso do Goberno do Estado na actualización das entregas á conta do Sistema de financiamento autonómico implicou unha redución mensual de ingresos de 126 millóns de euros. Isto creou tensións de liquidez na tesouraría no primeiro semestre do ano e implicou un pagamento de xuros de 5 millóns de euros.

Financiamento sustentable

Galicia segue, deste xeito, coa liña de financiamento sustentable iniciada no ano 2020 e confirmada no Plan estratéxico de Galicia 2030, que levou á aprobación do novo marco de financiamento hai dous anos, a través do cal a Comunidade avanza no

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

desenvolvemento de investimentos en proxectos beneficiosos para a sociedade e o ambiente.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PARTICIPA NO PROXECTO EUROPEO *REHEAL* DESTINADO A OPTIMIZAR A RECICLAXE, O REACONDICIONAMENTO E A RECUPERACIÓN DE SUBMINISTROS MÉDICOS PARA REDUCIR OS DISPOSITIVOS DESBOTABLES

- O Consello da Xunta abordou hoxe un informe sobre este proxecto, que conta cun orzamento de máis de 7,3 M€ financiados pola Unión Europea
- Esta iniciativa terá unha repercusión directa e indirecta moi significativa sobre a cidadanía, ao mellorar tanto a sostibilidade do sistema sanitario como a calidade e seguridade dos servizos
- A validación das solucións en contornas reais favorecerá que as innovacións desenvolvidas respondan a necesidades dos profesionais sanitarios e dos pacientes
- Contribuirase a unha xestión máis eficiente dos recursos e os aforros acadados poderán ser investidos en melloras asistenciais, innovación clínica ou servizos para a cidadanía
- Farase unha licitación conxunta a nivel europeo na modalidade de compra pública precomercial por valor de 3,5 millóns de euros, que no caso do Servizo Galego de Saúde se centraliza na área sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos co obxectivo de estender a todo o sistema sanitario público as solucións que se atopen
- Galicia realizará, o 18 deste mes, a consulta preliminar ao mercado, que ten por obxectivo Informar e involucrar ao sector industrial, aos provedores de solucións innovadoras e demais partes interesadas

A Xunta, a través do Servizo Galego de Saúde e da Axencia Galega de Coñecemento en Saúde (ACIS), están a participar como socios na iniciativa europea denominada *Reheal*, que busca optimizar a reciclaxe, reacondicionamento e recuperación de subministros médicos, reducindo o uso de dispositivos desbotables.

O Consello da Xunta abordou na súa reunión semanal un informe da Consellería de Sanidade sobre este proxecto, que ten catro anos de duración e busca transformar os sistemas sanitarios mediante a implementación dunha economía circular.

O proxecto *Reheal* (*Reverse Healthcare Supply Chains for Circular Economy*) enmárcase no Programa *Horizon Europe PCP*, cun orzamento de máis de 7,3 millóns de euros financiados pola Unión Europea na súa totalidade.

Cómpre remarcar que o Servizo Galego de Saúde é referente en compra pública innovadora a nivel europeo, o que sitúa Galicia como axente clave para colaborar en proxectos europeos de innovación sanitaria, facilitando unha implantación de solucións pioneiras centradas nas necesidades de profesionais e pacientes.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Reheal está liderado pola Universidade de Edimburgo (Reino Unido), como coordinador, e conta coa participación como socios de diversas entidades europeas de Dinamarca, Polonia, Grecia e Bélxica, pertencentes a distintos ámbitos.

Repercusión significativa sobre a cidadanía

Esta iniciativa europea terá unha repercusión directa e indirecta moi significativa sobre a cidadanía, ao mellorar tanto a sostibilidade do sistema sanitario como a calidade e seguridade dos servizos que este presta.

A implantación de solucións dixitais destinadas á adquisición sostible, á rehabilitación, á reciclaxe e á recuperación de recursos, permitirá reducir o impacto ambiental da actividade sanitaria. Isto traducirase nunha menor xeración de residuos, unha redución das emisións asociadas ás cadeas de subministración e un uso máis eficiente dos recursos públicos, contribuíndo a unha contorna máis saudable para a cidadanía e a avanzar nos obxectivos climáticos europeos.

Ademais, o reforzo de cadeas de subministración máis resilientes e circulares mellorará a seguridade do abastecemento de produtos sanitarios esenciais. Isto implica unha maior capacidade do sistema para responder a crises, escasezas ou situacións de emerxencia, garantindo a continuidade asistencial e protexendo directamente aos pacientes.

O proxecto busca que, a través dunha plataforma informática, se poidan detectar ineficiencias no sistema para poder optimizar e realizar unha mellor xestión, o que permitiría a xeración de menores residuos e contribuirá a unha xestión máis eficiente dos recursos económicos do sistema sanitario. Estes aforros poderán ser reinvestidos en melloras asistenciais, innovación clínica ou servizos dirixidos á cidadanía.

Como exemplo de posibles aspectos que se poderían mellorar está a optimización dos kits de quirófano, que conteñen nunha caixa dun só uso distintos tipos de materiais que se prevé van ser necesarios (luvas, batas, etc.). O material que queda sen utilizar, polos requisitos hixiénicos da área cirúrxica, teñen que desbotarse. Polo tanto, un posible reto é determinar o que debería levar cada kit segundo a operación, para reducir ao máximo posible aquel material que non vai ser utilizado e así reducir residuos e custo económico.

Por último, o enfoque colaborativo e a validación das solucións en contornas reais, favorecerá que as innovacións desenvolvidas respondan a necesidades dos profesionais sanitarios e dos pacientes, aumentando a aceptación social das solucións e mellorando a experiencia dos usuarios do sistema sanitario.

Consultas ao mercado en Galicia

No marco de *Reheal* está prevista unha licitación conxunta a nivel europeo na modalidade de compra pública precomercial, por valor de 3,5 millóns de euros, para a

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

adquisición de solucións innovadoras no eido da compra sostible, reciclaxe e a recuperación de recursos para reducir o impacto ambiental da actividade sanitaria.

A execución desta licitación estase centralizando, por parte do Servizo Galego de Saúde, na Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos, co obxectivo de poder estender a todo o sistema sanitario público as solucións que se atopen.

Ao respecto, Galicia realizará, o 18 deste mes, a consulta preliminar ao mercado, que ten por obxectivo informar e involucrar ao sector industrial, aos provedores de solucións innovadoras e demais partes interesadas os detalles da futura licitación precomercial de *Reheal*.

O procedemento de consultas recompilará información do mercado sobre a viabilidade, as capacidades, os riscos e a madurez tecnolóxica das propostas de solucións, paso previo á futura licitación.

Previamente a este acto o mércores día 11, terá lugar un seminario web organizado polos socios coordinadores explicando as bases da compra preliminar ao mercado e o formulario de rexistro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ELABORA A PRIMEIRA GUÍA DE ACCESO DOCUMENTAL DO SISTEMA DE ARQUIVOS DE GALICIA

- O Consello dá luz verde a esta publicación que pretende facilitar o labor dos profesionais que traballan nestes centros e axudalos a resolver cuestións de aplicación e interpretación xurídica
- Esta ferramenta encádrase nos obxectivos estratéxicos do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026 e conta con oito ámbitos de estudo
- Dispoñible en formato dixital e en papel, o documento foi elaborado a partir dunhas xornadas formativas organizadas pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude

A Xunta de Galicia facilitará o labor dos traballadores dos seus arquivos coa posta á súa disposición da primeira *Guía de acceso documental do sistema de arquivos*, unha ferramenta avaliada hoxe polo Consello que pretende colaborar cos profesionais para axudalos a facer fronte ás cuestións de aplicación e interpretación xurídica que xorden durante os procesos de xestión documental. Trátase dunha publicación que se encadra nos obxectivos estratéxicos do Plan de Arquivos da Xunta de Galicia 2022-2026 e que pon o foco nas cuestións normativas que afectan directamente o traballo dos profesionais dos arquivos.

O documento analizado hoxe nace co obxectivo de avanzar nos retos establecidos neste plan e coa finalidade de contribuír a optimizar o funcionamento e a organización do Sistema de Arquivos de Galicia. Deste xeito, o fin último é que os profesionais poidan contar cun instrumento de consulta que facilite criterios claros que permitan mellorar a interpretación da diversa e ampla normativa aplicable en materia de acceso aos documentos e á información.

Para conseguilo, empregouse un formato composto por preguntas concretas e respostas directas que se apoian na lexislación e na xurisprudencia. Así mesmo, agrupáronse en oito grandes ámbitos temáticos que se centran en aspectos como a distribución das competencias entre arquivos, bibliotecas e museos; na diferenza entre o dereito de acceso e consulta e o dereito á información pública; en aspectos de interese da propiedade intelectual ou no uso e reprodución de obras. Isto complétase con información sobre o tratamento de datos de carácter persoal, o dereito de imaxe, o público como creador de contidos culturais e os controis de acceso aos centros. Ademais, conta cunha epígrafe específica sobre o manexo da publicación e un índice lexislativo.

Este documento, que estará dispoñible en formato dixital e en papel, foi elaborado a partir dos coñecementos, relatorios e material xerado ao abeiro das xornadas sobre acceso documental realizadas o pasado mes de maio pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude como resposta á necesidade de formación en cuestións relacionadas co traballo do persoal arquivista. Así, aínda que naceu como un instrumento para facilitar o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

traballo do persoal dos arquivos, os seus contidos son de interese tamén para técnicos e profesionais doutros centros culturais, como bibliotecas e museos.

Cómpre lembrar que o Goberno galego mantén un firme compromiso coa custodia e conservación do patrimonio documental a través do traballo que se fai nos arquivos a través dos cales non só se garante a xestión administrativa, senón que, ademais, se aseguran as necesidades de información da cidadanía. Proba disto é que só nos arquivos históricos xestionados pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude se atenden preto de 35.000 consultas cada ano.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

RUEDA ANUNCIA QUE A XUNTA INCREMENTA UN 50% O ORZAMENTO DO BONO EMANCÍPATE, CUXA SEGUNDA EDICIÓN ABRE O PRÓXIMO VENRES O PRAZO DE SOLICITUDES

- Destaca que ao programa, cuxa convocatoria se publica mañá no *Diario Oficial de Galicia*, o Goberno galego destina 3 M€, un millón máis que en 2025
- Sinala que as axudas, que chegaron o ano pasado a máis de 1.000 persoas, están enfocadas en apoiar a mocidade cos primeiros gastos do fogar, como é a compra de mobiliario
- A medida está dirixida a mozos e mozas menores de 36 anos que vivan tanto en réxime de alugamento como nunha vivenda da súa propiedade
- A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude afianza esta iniciativa tras a gran demanda do ano pasado, complementando outro tipo de políticas en materia de vivenda
- Poden concorrer aqueles que asinasen un contrato de alugamento ou subscribisen unha escritura de compravenda con posterioridade ao 30 de abril de 2025
- As peticións deben presentarse a través da sede electrónica da Xunta ata o 30 de abril

O presidente da Xunta, Alfonso Rueda, anunciou hoxe que o Goberno galego incrementa un 50% o orzamento do Bono Emancípate, cuxa segunda edición abrirá o vindeiro venres, 13 de febreiro, o prazo de solicitudes.

Segundo explicou o titular do Executivo autonómico, a Xunta pon en marcha por segundo ano este Bono para que a mocidade, de menos de 36 anos, teña a oportunidade de acceder a unha axuda para afrontar “os gastos iniciais que se derivan de empezar a vivir de xeito independente”, nun fogar propio. Así se recolle na convocatoria desta nova edición do programa, que publica mañá o *Diario Oficial de Galicia*, e que foi avaliado polo Consello da Xunta.

A iniciativa, á cal a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude destina un orzamento de 3 M€, un millón de euros máis que en 2025, cando “contou cunha enorme aceptación”, ten por obxectivo que os mozos e mozas galegas contén cun incentivo económico á hora de independizarse, xa sexa nunha vivenda alugada ou en propiedade, para sufragar a adquisición de mobiliario ou diversos artigos como os decorativos, obxectos do baño, enxoval de cociña, téxtil ou certos electrodomésticos esenciais.

O Goberno galego dá resposta deste xeito ás demandas da xuventude ante as dificultades de acceso a unha vivenda que lles permita iniciar un proxecto de vida independente, complementando as políticas que xa desenvolve neste ámbito cunha proposta diferente, encamiñada neste caso a cubrir outras necesidades, como é a cobertura dos gastos que comporta a posta en marcha dun fogar.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Ao Bono Emancípate poden acceder, dentro da franxa de idade indicada, as persoas que cumpran os requisitos recollidos nas bases, como non ter recibido a axuda en 2025, ou outras cuestións como contar, polo menos, cunha fonte regular de ingresos ou que a suma dos ingresos anuais dunha unidade de convivencia sexa igual ou inferior a catro veces o indicador público de renda de efectos múltiples (igual ou inferior a tres veces no caso de persoas sen unidade de convivencia). Tamén deben posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, así como estar empadroadas na vivenda en que van permanecer.

Neste sentido, requírese ser titular dun contrato de alugamento de vivenda formalizado con posterioridade ao 30 de abril de 2025, cunha duración mínima dun ano, ou, de ser o caso, ter subscrito como adquirente unha escritura pública de compravenda dunha vivenda tamén con posterioridade ao 30 de abril de 2025.

Rueda sinalou que, no caso de vivir como arrendatarias, as persoas incluídas na convocatoria recibirán 1.500€ para empregar na tipoloxía de gastos xa mencionados, mentres que as que soliciten a axuda tendo adquirido a súa propiedade, a contía será de 3.000€.

O procedemento

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na [sede electrónica](#) da Xunta de Galicia, desde o 13 de febreiro, ás 9.00 horas, ata o 30 de abril de 2026, ás 20.00 horas, salvo que se produza con anterioridade o esgotamento do crédito orzamentario dispoñible.

Unha vez concedidas e comunicadas as axudas, faranse efectivas a través dunha tarxeta moedeiro virtual que se expedirá a nome da persoa beneficiaria, e que deberá ser usada, con data límite do 31 de decembro de 2026, para compras que se realicen en comercios físicos en Galicia. Así, non se poderá utilizar en compras a distancia.

Máis de 1.000 persoas en 2025

O presidente destacou que na primeira edición do Bono Emancípate, en 2025, presentáronse un total de 3.718 solicitudes, das cales un 60,91% corresponderon a persoas do rango de idade comprendido entre os 18 e os 30 anos, e un 36,79% a persoas de entre 31 e 35 anos (a porcentaxe restante corresponde a solicitudes de persoas que non cumprían o requisito de idade ou duplicadas).

Logo da tramitación das solicitudes, e de se autorizar unha ampliación de crédito por un importe de 250.000€, que se sumou aos 2 M€ iniciais, a axuda chegou a un total de 1.066 persoas, das cales 584 se corresponderon con mozos e mozas que se emanciparon nunha vivenda de alugamento e 482 ás que o fixeron en réxime de propiedade.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA ACTIVA UNHA NOVA ORDE DE AXUDAS PARA APOIAR O INICIO DA ACTIVIDADE DAS EMPRESAS DE BASE TECNOLÓXICA E PROMOVER O EMPREGO DE ALTA CUALIFICACIÓN

- O Consello analizou un informe sobre a convocatoria de 2026 destes apoios dotados con medio millón de euros, que publicará mañá o DOG e que inclúe achegas para as contratacións indefinidas, o inicio da actividade, a conciliación e a función de xerencia
- Con 25 anos de traxectoria, este programa busca fomentar o espírito emprendedor entre investigadores e titulados universitarios, apoiando que os seus traballos deriven en iniciativas empresariais que dinamicen o emprego científico e tecnolóxico
- As axudas poderán acadar os 12.000 € por posto de traballo creado, con incrementos adicionais cando o centro de traballo se localice nun concello rural, ou ata 24.000 euros para os gastos de posta en marcha, cunha intensidade da axuda do 100 %
- Nas catro liñas subvencionables que recolle a orde, cando a IEBT estea constituída como cooperativa ou sociedade laboral, a contía da axuda incrementarase nun 25 %
- Galicia conta con preto de 200 proxectos activos de base tecnolóxica, e algunhas das empresas máis punteiras da Comunidade relacionadas cos ámbitos da química e de solucións tecnolóxicas en distintos sectores naceron como un proxecto IEBT

A Xunta reforza o seu compromiso coa xeración de emprego de calidade, a innovación e o aproveitamento do talento interno de alta cualificación a través dunha nova convocatoria de axudas para iniciativas empresariais de base tecnolóxica. Neste marco, o Consello da Xunta analizou hoxe un informe sobre a próxima convocatoria autonómica de apoio ás IEBT, que se publicará mañá no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e que contará cunha dotación orzamentaria de 500.000 euros para apoiar o funcionamento destes proxectos durante o seu primeiro ano de actividade —incluíndo a contratación de persoal cualificado— con achegas que poden ir dos 10.000 aos 47.000 euros por entidade.

O obxectivo desta medida, da cal se poderán beneficiar ata 21 empresas cualificadas, é facilitar que proxectos con base no coñecemento científico e na investigación se poidan converter en empresas viables, capaces de consolidarse no mercado desde as súas primeiras fases de actividade. A través deste apoio inicial, a Xunta busca acelerar a chegada ao mercado de solucións tecnolóxicas con aplicación real en ámbitos estratéxicos como a sanidade, a educación, a sustentabilidade ambiental ou a mellora dos servizos públicos, contribuíndo así á diversificación da economía galega e ao fortalecemento dun tecido empresarial máis competitivo e avanzado.

Liñas de actuación

A convocatoria ofrece apoios económicos destinados a facilitar o lanzamento das iniciativas, que inclúen incentivos para a creación directa de emprego estable, para o

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

inicio e posta en marcha da actividade, para a conciliación da vida persoal, laboral e familiar e para a función xerencial. Os requisitos para acceder a estas axudas estarán dispoñibles na orde que se publicará mañá no DOG e o prazo de solicitudes permanecerá aberto do 17 de febreiro ata o 30 de setembro.

No que respecta á creación de emprego, a axuda mínima será de 6.000 euros por persoa desempregada incorporada en postos de traballo indefinidos durante o primeiro ano, contía que poderá aumentar ata 8.000 euros nos casos en que o traballador sexa menor de 30 anos ou maior de 52, muller ou emigrante retornado ou estranxeiro; de 10.000 euros se é titulado universitario en desemprego e de 12.000 euros se posúe título de doutoramento. Ademais, estas achegas poderán incrementarse nun 25 % adicional se o centro de traballo se encontra nun concello rural, entre outros supostos.

Os gastos de posta en marcha da actividade inclúen aqueles derivados de notaría e rexistro, compra de materias primas, arrendamento de locais ou equipamentos, seguros, publicidade e desenvolvemento de páxinas web, cunha intensidade da axuda do 100 %.

Os apoios á conciliación permitirán sufragar ata o 75 % dos custos de coidado de menores, maiores ou dependentes que contraten os impulsores das iniciativas, mentres que as axudas á función xerencial inclúen financiamento para a formación do empresario e/ou para a realización externa de análises, estudos ou informes.

Cómpre destacar que en todos os casos, se a IEBT está constituída como cooperativa ou sociedade laboral, a axuda nesta modalidade incrementarase nun 25 %.

Impacto da convocatoria

Con 25 anos de traxectoria, este programa busca fomentar o espírito emprendedor entre investigadores e titulados universitarios, apoiando que os seus traballos deriven en iniciativas empresariais que dinamicen o emprego científico e tecnolóxico. Isto contribúe a que, segundo os últimos datos dispoñibles, Galicia conte con preto de 200 proxectos activos de base tecnolóxica en actividades como as científicas e nos sectores de información e comunicación. De feito, algunhas das empresas máis punteiras da Comunidade, relacionadas coa química, con solucións tecnolóxicas en gandaría ou con intelixencia artificial e tecnoloxías de vídeo e televisión, xurdiron como proxectos IEBT.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA REFORZA A RETENCIÓN DE TALENTO MOZO MENOR DE 30 ANOS A TRAVÉS DOS NOVOS INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN DO PROGRAMA INVESTIGO DOTADO CON CASE 5 M€

- O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe a vindeira edición desta iniciativa que permitirá a contratación de ata 210 mozos e mozas nos ámbitos da investigación, a tecnoloxía e a innovación
- En concreto, finánciase a contratación indefinida e a tempo completo por 12 meses de persoas desempregadas de entre 16 e 30 anos por parte de empresas cualificadas como iniciativas de base tecnolóxica ou que traballen en investigación e innovación
- Ao igual que o pasado ano, resérvase 1 millón de euros do orzamento para as entidades privadas sen ánimo de lucro que teñan como actividade principal a I+D+i
- A iniciativa enmárcase no compromiso da Xunta co impulso do emprego xuvenil e doutros colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, unha aposta que se verá reforzada coa nova convocatoria *Galicia Suma Talento: Emprégate*
- A ela destínanse 19,7 M€, dos cales 4 M€ serán exclusivamente para a mocidade e, por primeira vez nesa orde, priorizarase a contratación de persoas formadas en programas autonómicos como o de primeira experiencia profesional, tamén dirixido á xuventude

O Consello da Xunta coñeceu hoxe unha nova edición do programa Investigo, que contará cun orzamento superior aos 4,8 M€ para apoiar a contratación de persoas menores de 30 anos nos ámbitos da investigación, a tecnoloxía e a innovación. Con esta iniciativa, o Goberno galego reforza a xeración de emprego de calidade e a retención de talento altamente cualificado en proxectos de alto valor desenvolvidos en Galicia.

Ademais, o programa inscríbese no compromiso da Xunta co impulso do emprego xuvenil e doutros colectivos con maiores dificultades de acceso ao mercado laboral, unha aposta global e estratéxica que se verá reforzada coa nova convocatoria *Galicia Suma Talento: Emprégate* que se publicará mañá no DOG cun orzamento global de 19,7 M€ e que conta cunha liña específica de 4 M€ exclusivamente para a mocidade.

No relativo aos incentivos do programa Investigo analizados hoxe, calcúlase que se fomite a contratación de entre 140 e 210 persoas, en función dos módulos salariais que se apliquen. Cómpre salientar que, entre os anos 2022 —cando se puxo en marcha o programa— e 2025, a Xunta destinou máis de 30,8 M€ ao Investigo. Neste período, resultaron beneficiarias 270 entidades, o que posibilitou preto de 1.000 contratacións de persoas mozas, das cales unha ampla porcentaxe continúa a traballar nelas. Está previsto que a orde se publique no DOG mañá e o prazo de solicitudes permanecerá aberto do 18 de febreiro ata o 30 de setembro.

Detalles da convocatoria

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A través do programa Investigo, a Administración autonómica apoia a contratación de persoas mozas como investigadoras, tecnólogas, persoal técnico e outros perfís profesionais vinculados á I+D+i. As entidades beneficiarias inclúen tanto as iniciativas de emprego de base tecnolóxica (IEBT) —cuxa nova convocatoria de apoios tamén foi analizada hoxe no Consello da Xunta— como calquera outra empresa ou persoa empregadora radicada en Galicia que desenvolva a súa actividade no ámbito da investigación, a tecnoloxía e a innovación. Ademais, do total do orzamento, e ao igual que na convocatoria de 2025, reservárase 1 M€ para entidades privadas sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia cuxa actividade principal sexa a I+D+i.

As contratacións formalizaranse mediante contratos indefinidos a tempo completo, cun período máximo subvencionado de 12 meses. As persoas destinatarias finais, de entre 16 e 30 anos, deberán encontrarse en situación de desemprego e inscritas como demandantes de emprego no momento do inicio da relación laboral. As axudas da Xunta permitirán financiar a contratación por conta allea das mozas e mozos, cun importe que oscilará entre os 22.405,92 e os 33.108,84 euros por persoa, en función dos módulos aplicables, cubrindo os custos laborais e salariais.

As persoas contratadas desenvolverán as súas actividades en sectores estratéxicos como a transición ecolóxica, a economía verde —incluíndo enerxías renovables, eficiencia enerxética, tratamento de augas e residuos ou industria agroalimentaria—, así como na dixitalización de servizos, enxeñaría de datos e *data science*. As iniciativas poderán abranguer tamén ocupacións relacionadas coa sanidade e a investigación.

Outros incentivos á contratación

Esta medida, integrada na Estratexia Mocidade Activa, permítelle á Xunta seguir promovendo a inserción laboral da mocidade, mellorando a súa cualificación e facilitando o seu desenvolvemento profesional en ocupacións de alta demanda. Esta orde complétase con outras actuacións, como a liña de apoios para as persoas mozas inscritas na Garantía Xuvenil, en colaboración coas entidades locais, e o xa mencionado programa *Galicia Suma Talento: Emprégate*, que conta cunha liña para mozos e que por primeira vez pechará o ciclo da empregabilidade, ao priorizar a contratación das persoas desempregadas formadas previamente nos programas de formación autonómicos, como os cursos AFD, os obradoiros de emprego ou os contratos formativos realizados ao abeiro das axudas de primeira experiencia profesional, tamén dirixidas á mocidade. As axudas por persoa contratada poderán oscilar entre os 6.000 e os 14.500 euros, acadando un máximo de 17.000 euros no caso de aplicarse todos os incrementos previstos, como aqueles asociados á localización do centro de traballo en concellos rurais, entre outras casuísticas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA PRIMARÁ A CALIDADE, PROFESIONALIZACIÓN E CAPACIDADE DE FIDELIZACIÓN DOS CENTROS COMERCIAIS ABERTOS NO MARCO DA NOVA ORDE DE ACHEGAS DE 2,5M€

- O Consello da Xunta analizou hoxe a nova orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración para apoiar as actividades das agrupacións de comerciantes, buscando potenciar a excelencia e a innovación das súas propostas de dinamización
- A orde avanza na simplificación administrativa, exixindo menos documentación, e incorpora novidades nos criterios de valoración, co foco en aspectos como a formación dos comerciantes, a fidelización da clientela ou a capacidade de atraer asociados
- Ademais, por primeira vez, incorpóranse como actuacións subvencionables os servizos de ludotecas e espazos de lecer infantís
- A convocatoria prevé de novo achegas extraordinarias para os CCA coas propostas de dinamización mellor puntuadas para apoiar campañas adicionais con ata 20.000 euros que promovan o comercio local e cheguen a novos clientes
- Estas medidas enmárcanse no Plan estratéxico do comercio 2025-2030, baixo o cal se engloban outras medidas como a nova marca do Comercio Galego, que deberán usar as campañas apoiadas, ou un plan de formación para xerentes destas entidades

O Consello da Xunta analizou a nova orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, dotada cun importe de 2,5 millóns de euros, destinada a impulsar as actividades dos centros comerciais abertos da Comunidade e co obxectivo de reforzar a súa excelencia e a capacidade de dinamización dos contornos nos cales se integran. Enmarcada no compromiso coa revitalización do comercio local, considerado un elemento esencial para o desenvolvemento económico e social das vilas e cidades galegas, a Xunta lanza esta convocatoria de achegas aprofundando na simplificación administrativa e incorporando novidades que potencien ao máximo estas figuras clave. Entre elas destaca a introdución de novos criterios de valoración no programa de actividades de dinamización comercial, como o enfoque na formación dos comerciantes, a fidelización da clientela e a capacidade de atraer novos establecementos asociados.

Ademais, a orde volve apostar polo réxime de concorrência competitiva, buscando primar a calidade e a excelencia das propostas de dinamización. As asociacións mellor puntuadas poderán optar a axudas extraordinarias de ata 20.000 euros para a realización de actividades complementarias, coordinadas con concellos e outras entidades locais. Así mesmo, intégrase o requisito de empregar a nova marca do Comercio Galego, lanzada recentemente, contribuíndo á visibilidade e ao recoñecemento do sector.

Detalles da convocatoria

Poderán concorrer a estas axudas, que se publicarán no DOG en vindeiros días, as asociacións de comerciantes de carácter territorial e sen ánimo de lucro que,

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

legalmente constituídas, desenvolvan proxectos de interese para revitalizar a actividade comercial nas súas localidades. Tanto no caso das sete grandes cidades como do resto dos concellos, estes centros deben contar cunha antigüidade mínima de tres anos, unha xestión profesionalizada, delimitación territorial definida, diversidade de oferta comercial e, como mínimo, representar 50 negocios retalistas.

As axudas están dirixidas a apoiar a realización de actividades de dinamización comercial que teñan como obxectivo incentivar o consumo e atraer clientes, co fin de incrementar as vendas. Como novidade, incorpóranse como actuacións subvencionables os servizos de ludotecas e espazos de lecer infantil. Para optaren ás achegas, as agrupacións deberán presentar a planificación e o desenvolvemento dun mínimo de seis campañas que inclúan a participación directa dos comercios asociados e dos consumidores, así como a programación de accións formativas. Ademais, poderán propoñer outras actuacións complementarias orientadas á fidelización e á mellora dos servizos para a clientela.

Os investimentos máximos subvencionables modúlanse en tres tramos, en función do número de comercios asociados: 65.000 euros no caso de que teñan 100 ou máis; 55.000 euros para os que teñan entre 70 e 99, e 40.000 euros para aqueles que se sitúen entre os 50 e os 69 negocios adheridos. Pola súa parte, a intensidade das axudas poderá oscilar entre o 70 e 90 %, segundo a puntuación acadada polas propostas presentadas, en cuxa valoración se terán en conta criterios como a disposición dun plan de comunicación, a capacidade da campaña para motivar a persoa consumidora ou captar clientela nova, ou o seu carácter innovador. Co obxectivo de primar a excelencia, do total do orzamento da convocatoria resérvanse 100.000 euros para favorecer que as cinco mellores propostas —que o pasado ano recibiron os CCA de Ribadeo, Boiro, Ferrol, Marín e Rianxo— accedan a un apoio adicional para a realización de actividades de dinamización extraordinarias que deben ser levadas a cabo en coordinación cos concellos e outras asociacións.

Plan estratéxico do comercio

Os centros comerciais abertos constitúen unha peza clave do ecosistema comercial galego, unha realidade que a Xunta impulsa a través do Plan estratéxico do comercio de Galicia 2025-2030, dotado con 320 M€ e que tamén recolle no seu paquete de medidas un plan de formación continua para xerentes destas entidades. Nesta planificación tamén se insiren outras liñas de apoio fundamentais para o sector, como as axudas destinadas a fomentar a innovación, a modernización e a sustentabilidade do comercio local e artesanal, dotadas con preto de 4 millóns de euros en 2026.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O ISSGA IMPULSARÁ EN 2026 UN PLAN DE CHOQUE FRONTE Á SINISTRALIDADE MÁIS RECORRENTE E PROMOVERÁ MÁIS DE 50 CAMPAÑAS DE PREVENCIÓN EN SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL

- O Consello da Xunta analizou o informe sobre o Plan de actuación 2026 do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), dotado de preto de 8M€ co obxectivo de reducir a sinistralidade laboral e reforzar a prevención en sectores estratéxicos
- A planificación pon o foco na redución dos accidentes graves e mortais a través dun plan específico contra a sinistralidade e as situacións de risco máis persistentes nos centros de traballo
- Refórzase a atención aos riscos psicosociais, ergonómicos e ás novas realidades do traballo, así como a protección fronte a axentes perigosos como o amianto ou a sílice cristalina, e incorpora actuacións específicas para colectivos como o SAF
- A oferta formativa permitirá chegar a un mínimo de 4.500 persoas e están previstas arredor de 600 actuacións de comprobación e seguimento nos centros de traballo
- As actuacións enmárcanse na Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027, dotada con preto de 56 M€, e no contexto da declaración de 2026 como ano da seguridade e saúde no traballo

O Consello da Xunta analizou hoxe o informe sobre o Plan de actuación 2026 do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), unha folla de ruta dotada con preto de 8 M€ que ten como obxectivo principal reducir a sinistralidade laboral, mellorar a xestión preventiva dos riscos nos lugares de traballo e avanzar na promoción da saúde e do benestar laboral da poboación traballadora galega.

O plan anual recolle un amplo conxunto de actuacións de sensibilización, asesoramento técnico, investigación, seguimento e control, que inclúe 17 novas campañas de prevención, ás cales se suman 33 campañas de continuidade, así como programas específicos por riscos, sectores e colectivos, adaptados tanto aos riscos tradicionais como aos novos e emerxentes.

Plan de choque fronte á sinistralidade máis grave

Como principal novidade deste exercicio, o Issga porá en marcha un plan de choque específico fronte aos accidentes recorrentes e ás situacións de risco que se manteñen no tempo, tomando como referencia os accidentes graves e mortais investigados nos últimos anos. O obxectivo é achegarse directamente aos lugares de traballo cun asesoramento técnico específico para evitar a repetición de sinistros por causas como caídas de altura, atrapamentos con maquinaria, caídas de escadas, atropelos en talleres e naves industriais ou deficiencias na orde e limpeza.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Esta actuación reforzarase con campañas específicas en actividades e sectores de maior risco e sinistralidade, como a construción, a industria, o forestal, a pesca, o sector agrario ou a montaxe e desmontaxe de escenarios, así como en actividades emerxentes ligadas á instalación e ao mantemento de paneis solares ou á retirada de cubertas con amianto.

Riscos específicos, saúde mental e novos escenarios de traballo

A planificación para 2026 consolida tamén o traballo en riscos psicosociais, ergonómicos e organizativos, e presta especial atención ao estrés laboral, o *burnout*, o retorno ao traballo tras unha baixa, os factores psicosociais en sectores feminizados e os efectos da dixitalización, o teletraballo e o envellecemento da poboación traballadora. Neste ámbito destaca o reforzo do Laboratorio de riscos psicosociais, desenvolvido en colaboración coa Universidade de Santiago de Compostela.

Xunto con isto, intensifícanse as actuacións fronte á exposición a axentes perigosos, como o amianto, a sílice cristalina respirable, o radon, os axentes canceríxenos, mutáxenos e reprotóxicos, os produtos químicos e os nanomateriais, combinando campañas de sensibilización, asesoramento técnico, actuacións de comprobación e accións formativas. O plan inclúe tamén actuacións específicas dirixidas a colectivos como as traballadoras do servizo de axuda no fogar, para as cales se desenvolverán accións formativas e campañas sobre riscos biolóxicos, ergonómicos e psicosociais, así como medidas preventivas fronte á violencia externa no traballo.

Eixes e medidas de actuación

O Plan de actuación 2026 estrutúrase en seis eixes de traballo, con 13 obxectivos operativos e 75 fichas de actividade, orientados a consolidar o Issga como órgano técnico de referencia en prevención de riscos laborais e promoción da saúde no traballo, reforzar a investigación e a análise da sinistralidade, desenvolver programas por riscos específicos e novos escenarios, actuar por sectores e colectivos, ampliar a formación e impulsar o benestar laboral. Entre outras medidas concretas, o Issga participará en 52 grupos de traballo técnicos de ámbito autonómico e estatal e están previstas arredor de 600 actuacións de comprobación das condicións de seguridade e saúde nos centros de traballo. A oferta formativa permitirá chegar a un mínimo de 4.500 persoas, mediante xornadas técnicas, cursos en liña e formación práctica dirixida a actividades de especial risco ou dificultade. Con este traballo —e coincidindo ademais coa declaración de 2026 como ano da seguridade e saúde no traballo— dáse continuidade ao desenvolvemento da Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027, instrumento dotado de preto de 56 M€ para mellorar as condicións de traballo, reducir os accidentes e enfermidades profesionais e avanzar cara a contornos laborais máis seguros, saudables e sustentables.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

A XUNTA FACILITA OS TRÁMITES PARA ARRENDAR AS PARCELAS INCLUÍDAS NO BANCO DE TERRAS

- A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello da Xunta unha nova orde pola que se regula a presentación electrónica de solicitudes, simplificando o arrendamento daqueles predios que se encontren no estado de dispoñible sen concorrencia
- Trátase daqueles terreos que non recibiron ningunha solicitude válida ou cuxas solicitudes foron resoltas negativamente, e a principal novidade con respecto ao procedemento existente é que os interesados no alugamento non terán que agardar ata os prazos de presentación habituais, dúas veces ao ano
- Prevese que esta medida beneficie o arrendamento 5.000 parcelas que se encontran neste estado, impulsando o uso dun 76 % dos terreos dispoñibles
- Con esta medida facilítase o arrendamento de terras para usos agrícolas, gandeiros e forestais, o que contribúe a evitar o abandono e garantir un medio rural produtivo e sustentable

A Consellería do Medio Rural eleva hoxe ao Consello da Xunta unha nova orde pola que se regula a presentación electrónica de solicitudes de arrendamento dos predios rústicos incorporados ao Banco de Terras. Esta ferramenta facilitará o arrendamento de parcelas que se encontren no estado de dispoñible sen concorrencia, é dicir, daquelas que non recibiron ningunha solicitude válida ou cuxas solicitudes foron resoltas negativamente. Prevese que esta medida beneficie o arrendamento de máis de 5.000 predios que se encontran neste estado, impulsando o uso dun 76 % dos terreos dispoñibles.

A principal novidade con respecto ao procedemento existente ata o de agora é que os interesados en alugar estes predios non terán que agardar ata os prazos de presentación habituais, que se abren dúas veces ao ano durante 15 días, o primeiro día hábil de maio e o primeiro de novembro, nos que se someten a concorrencia as novas parcelas incorporadas ao Banco e as que finalizan os contratos de arrendamento previamente ao inicio do período. Trátase dunha medida especialmente beneficiosa para os cidadáns, xa que con ela se facilita o arrendamento de terras, o que contribúe a evitar o abandono e garantir o medio rural produtivo e sustentable.

Con todo, estes prazos seguirán vixentes para todos os novos terreos que se incorporen e que teñen que pasar obrigatoriamente polo proceso de concorrencia. No caso de que despois de pasar por este procedemento non reciban solicitudes válidas ou sexan resoltas negativamente, pasarán ao estado de dispoñible sen concorrencia.

Na actualidade hai 19.000 parcelas incorporadas ao Banco de Terras, que supoñen máis de 7.000 hectáreas ofertadas para que todas aquelas persoas que así o desexen poidan solicitar o seu arrendamento. Deste xeito, hai preto de 1.000 predios en estado dispoñible con concorrencia. Este servizo estará habilitado despois da publicación da orde no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), que está prevista para o 12 de febreiro.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

O Banco de Terras

Este é un instrumento creado pola Consellería do Medio Rural co dobre obxectivo de evitar o abandono da terra agraria e de poñela á disposición de todas aquelas persoas que a necesiten para usos agrícolas, gandeiros, forestais, de conservación da natureza e patrimonio ou outros usos de interese social. A función principal do Banco de Terras é a de dinamizar e mediar entre as persoas propietarias e aquelas que precisan terras, así como dar garantías, confianza e seguridade na xestión e no uso dos predios.